

Gústache a ópera?

(Pseudónimo: S. Porto)

Din que en Ferrol Vello, concretamente na Rúa San Francisco, hai un señor que adiviña o futuro. Non le a palma da man nin os pousos do café, nin cousas desas, senón que se pon a parolar un rato contigo, fitándote moi serio e, acto seguido, dáche o seu veredicto: *Casaraste aos 26 anos exactamente. Traballarás de Enxeñeiro de Camiños na empresa de fulano. Abrirás unha librería.* Ben, imaxino que a xente esaxeraba ao relatar os poderes dese homiño, máis o certo é que impresionaba que che falasen del.

Á Serea e a min sempre nos gustara esa historia e acotío fantasiabamos comprobar se aquel home existía realmente ou era unha invención dos nosos irmáns maiores, que xogaban a meternos medo cos mitos e lendas urbanas do barrio. Nada diso parecía ser verdade, mais o home aquel era real.

—Temos que ir á súa casa, a ver que nos di – dixo a Serea un día.

—Si, claro, como que nos vai atender así porque si. Digo eu que cobrará ou algo. Ti tes cartos?

—Que se teño que?

Rimos.

Sempre me gustara pasear polo casco vello e ver as casas, mesmo as que estaban a piques de se derrubar. Algunha vez meu pai falárame da cantidade de

xente interesante que vivira aí, mais a maioría desas casas famosas foran vencidas polo tempo e a desidia.

Porén, aquel día eu non era quen de mirar os muros e as vivendas de Ferrol Vello. A Serea decidirá unilateralmente ir visitar o vello charlatán e eu, como fiel escudeiro, resignárame a acompañala como gardacostas. Eu, que era, polo menos, dez centímetros máis baixo que o resto dos meus compañeiros de clase. *Treme, adiviño.*

O vello portal que atopamos ao chegar ao enderezo que nos facilitaran non daba pé a moitas esperanzas: dubidabamos que a porta non se nos quedase na man ao abríla. Mais chamamos ao timbre e unha voz cascada e grave preguntou quen eramos nós. A Serea, decidida coma sempre, respondeu:

—Vimos facerlle unha visita. Queremos preguntarlle algo.

Sen máis, a porta abriuse e non, non se nos quedou na man, aínda que fixo un ruído estraño que a min me lembrou a un laído. Subimos as escaleiras daquel piso sen ascensor (o oráculo vivía no terceiro andar) e, ao chegarmos a el, xa o vimos asomarse á porta. Non parecía tan imponente de preto: baixiño, co lombo algo curvado e medio calvo, aínda que conservaba unha poboada barba branca que lle confería certa dignidade.

—Pasade, pasade —dixo, sen máis cerimonia. Non nos deixou sequera que lle explicásemos polo miúdo o motivo da nosa visita.

O ancián introduciunos nun pequeno cuarto de estar e sinalounos un sofá esfiañado. Alí nos sentamos os dous mentres *escaneabamos* a estancia: ademais do sofá e dunha pequena mesa, só alcanzamos a ver uns estantes enormes con

moreas de libros sobre eles. Libros na mesa. Libros no chan. Collín ao chou un dos que tiña máis preto e pispei o título: “Ollos de auga” de Domingo Villar. O home mantíñase ao día da literatura galega. Ao levantar os ollos atopeino mirándome en fite, divertido, mais non dixo nada sobre o particular.

—Mire —comezou a dicir a Serea—, nos viñamos a...

—Xa, xa —cortouna—. A ver, dime: ti les moito?

—Como? Creo que si...

—Iso é importante, moi importante, si —o ancián movía a cabeza con forza—

Qué tipo de libros les?

—Os que me regalan, normalmente. Non teño moitos cartos...

—Non, non! Dime cales che gustan máis.

—Os de novela histórica están ben, creo.

—Ah, que ben —respondeu compracido—. Céntame máis.

E así durante un bo cacho: que outras afeccións tes, que deportes che gustan... Cando rematou coa Serea foi a miña quenda e repetiu outra vez todo o ritual.

Ao final emitiu o seu particular veredicto:

—Querida amiga, terás un posto directivo nunha importante empresa. Es forte e analítica, decidida. Traballarás nunha gran cidade, abofé que si. E a ti, rapaz, véxoches un futuro relacionado coas humanidades. Gústache a literatura e a música e, pouco a pouco, comezarás a collerlle o truco ao clásico e á ópera.

—Pero se a min non me gusta nada a música clásica!

Aínda vimos o noso amigo adiviño unhas cantas veces nos seguintes anos e descubrimos que era un antigo profesor de historia xubilado. Eu convertínme en

profesor de instituto (as linguas, xa saben, eran o meu) e sempre alberguei unha grande admiración por el, que nos dera unha lección tan importante: o que lemos, o que xogamos, o que pensamos crea a nosa identidade e define, en certo modo, o noso futuro. Hai tempo que non vexo á Serea, que vive en Barcelona e se converteu nunha tipa importante dunha empresa relacionada coa Internet. De cando en vez mándame un e-mail ou unha mensaxe a través das redes sociais meténdose comigo:

—Que? Xa che gusta a ópera?